INFORME SOBRE A SITUACIÓN DA ÁREA DE EXECUCIÓN PENAL DO SERVIZO COMÚN DE EXECUCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2026

Á DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Xunta de Galicia

Asunto: insuficiencia do cadro de persoal da Área Penal do Servizo Común de Execución do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela.

Raquel González Sánchez, en calidade de delegada sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) na Administración de Xustiza, con enderezo para notificacións en cig.santiago@xustiza.gal, EXPÓN:

PRIMEIRO. Obxecto

A Área Penal do Servizo Común de Execución do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela tramita as executorias das prazas 1 e 2 da Sección do Penal, das prazas 1, 2 e 3 da Sección de Instrución e da sección da Audiencia Provincial da Coruña con sede en Santiago.

O seu cadro de persoal fixouse con datos de carga de 2024. Desde entón, as executorias aumentaron un terzo por efecto de cambios procesuais que son permanentes, e o persoal segue sendo o mesmo. A CIG solicita que se corrixa esa desproporción antes de que afecte á execución das penas e á protección das vítimas.

SEGUNDO. Un cadro dimensionado con datos que xa non se corresponden coa realidade

Para distribuír os efectivos do novo Tribunal de Instancia, a Xunta de Galicia tomou como referencia os datos de 2024. Nese ano, os órganos cuxas executorias tramita a Área Penal incoaron 1.305. En 2025 foron 1.733, é dicir, 428 máis, o que supón un incremento do 32,8 %.

Executorias incoadas	2024	2025	Variación
Sección do Penal, praza 1	458	666	+45,4 %
Sección do Penal, praza 2	462	687	+48,7 %
Sección de Instrución, prazas 1, 2 e 3	335	321	−4,2 %
Audiencia Provincial (sede de Santiago)	50	59	+18,0 %
Total	**1.305**	**1.733**	**+32,8 %**

O crecemento concéntrase nos denominados con anterioridade Xulgados do Penal, onde as executorias pasaron de 920 a 1.353 (+47,1 %), con incrementos case idénticos nas dúas prazas. Nas prazas de Instrución a cifra mantívose estable. As executorias da Audiencia Provincial subiron un 18 % en 2025 e, a 7 de outubro de 2026, xa superan o total do ano anterior (61 fronte a 59).

A Área Penal conta con 10 postos na relación de postos de traballo, máis un reforzo nomeado recentemente. Se a dotación de 10 postos da relación de postos de traballo se calculou en función da carga de 2024, a aplicación do mesmo criterio proporcional á carga de 2025 determina unha necesidade teórica de 14,71 postos, o que equivale a unha dotación aproximada de 15 postos completos. Isto suporía un incremento de cinco postos respecto dos dez actuais.

TERCEIRO. A reforma procesual disparou as conformidades, e todas son condenatorias

A Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, introduciu no procedemento abreviado unha audiencia preliminar na que as partes poden solicitar sentenza de conformidade. Estas modificacións aplícanse desde abril de 2025.

O efecto nas dúas prazas da Sección do Penal foi **inmediato**:

Sentenzas de conformidade	2024	2025	Variación	1.º semestre 2026
Sección do Penal, praza 1	132	305	+131,1 %	120
Sección do Penal, praza 2	137	319	+132,8 %	136
Total	**269**	**624**	**+132,0 %**	**256**

Toda sentenza de conformidade é condenatoria e, por tanto, abre unha executoria.

Existe unha variación do 132% máis do 2024 o 2025.

No primeiro semestre de 2026 ditáronse 256 sentenzas de conformidade. O ritmo é inferior ao de 2025, pero aproxímase ao dobre do de 2024 (512 en cómputo anual fronte a 269). Non se trata dun pico puntual, senón do novo nivel de entrada que deriva dun cambio legal **permanente**.

A conformidade acurta o xuízo, pero non a execución. A executoria dunha sentenza de conformidade require as mesmas liquidacións, requirimentos, comunicacións e anotacións ca calquera outra. Sen contar o impacto que ten para a tarefa ordinaria recibir un volume de execución de sentenzas de conformidade coa mesma data e para incoar a vez.

CUARTO. Violencia sobre a muller: máis executorias, e cada unha con máis traballo

As executorias de violencia sobre a muller experimentaron un incremento significativo na Área Penal, cunha evolución que evidencia o aumento da carga de traballo asociada a este tipo de procedementos.

Tomando como referencia o ano 2024, o incremento conxunto das dúas prazas foi do 28,10 % en 2025. A evolución mantívose en 2026, de maneira que, a data 7 de outubro, o **incremento acumulado respecto do ano 2024 acadou o 64,46 %**.

Cómpre salientar, así mesmo, a necesidade dunha especialización específica do persoal encargado da tramitación das executorias de violencia sobre a muller, dada a singularidade e complexidade desta materia. A súa xestión require un coñecemento preciso da normativa aplicable, un control rigoroso das penas e das medidas impostas, así como un seguimento **exhaustivo** das condicións, prohibicións, prazos e incidencias que poidan producirse durante a execución, que non se pode facer debido o volume que supón o resto de executorias.

Por iso, é necesario unha dotación de efectivos suficiente, evitando que o incremento da carga de traballo comprometa a calidade da tramitación.

Cada condena por violencia sobre a muller leva habitualmente varias penas e medidas ao mesmo tempo: prisión ou suspensión condicionada, prohibición de aproximación e de

comunicación, privación do dereito á tenencia e porte de armas, programas formativos e traballos en beneficio da comunidade. Cada unha delas implica os seus propios prazos, liquidacións, requirimentos, comunicacións ás Forzas e Corpos de Seguridade e anotacións informáticas, ademais do control dos posibles quebrantamentos. A vítima ten dereito a ser informada das resolucións que afectan á situación da persoa condenada e a participar na execución (arts. 7 e 13 da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito). Por tratarse de executorias preferentes, **cando o persoal non dá abasto son as demais as que se atrasan.**

QUINTO. Un expediente non é unha unidade de carga

O exemplo máis claro é a execución da sentenza do accidente ferroviario de Angrois (caso Alvia), que corresponde á praza 2 da Sección do Penal. A sentenza condena por 79 delitos de homicidio e 143 de lesións por imprudencia grave, e fixa unha responsabilidade civil que a Audiencia Provincial rectificou parcialmente. Segundo informou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 3 de setembro de 2026, o auto que inicia a execución require á aseguradora o pagamento das cantidades pendentes, desagregadas por perxudicado, e unha proposta de liquidación de intereses para cada un deles. Despois darase traslado a todos os perxudicados para formular alegacións nunha peza separada (unha por cada un dos perxudicados). **Nas estatísticas, todo isto conta como unha executoria. No traballo diario do servizo equivale a centos de liquidacións, notificacións e prazos individuais.**

SEXTO. Arquivos provisionais.

O cálculo de 2024 tampouco incluíu os arquivos provisionais. Unha executoria arquivada provisionalmente segue viva ata que se extingue a responsabilidade penal. Cada vez que hai unha incidencia ou vence un prazo da pena, desarquívase, tramítase e arquívase de novo. Ese traballo é real e repítese, pero non aparece en ningún indicador de entrada.

SÉTIMO. Na xurisdición penal non hai onde redistribuír

A Lei permite que, co tempo, persoal doutras ordes xurisdicionais, como o contencioso-administrativo ou o social, asuma parte da carga da área civil. Na xurisdición penal non existe esa posibilidade: os efectivos da Área Penal son os que hai, e calquera aumento de carga recae enteiramente sobre eles. O axuste, por tanto, non pode depender dunha redistribución interna que no penal non se vai producir.

OITAVO. Consecuencias

A falta de persoal na execución penal non se traduce só en atrasos. Un requirimento ou unha comunicación ás Forzas e Corpos de Seguridade que se atrasa debilita a protección dunha vítima de violencia de xénero. E as vítimas e familias do Alvia, que agardan desde 2013, dependen agora de que o servizo poida tramitar con axilidade o cobramento das súas indemnizacións.

Para o persoal, esta situación supón traballar baixo unha presión constante e co risco de cometer erros de consecuencias graves. Trátase dun risco **psicosocial** que a Administración ten a obriga de avaliar e de previr.

O reforzo non abonda

O art. 16 da Orde do 6 de marzo de 2026 (DOG núm. 51, do 17 de marzo) permite autorizar persoal de reforzo cando hai unha carga de traballo extraordinaria, e entre os criterios que valora están a xustificación desa carga e a comparación con órganos equivalentes. Os datos deste escrito acreditan esa carga. Con todo, o reforzo é temporal e a situación que se describe non o é: a audiencia preliminar e a supresión do límite para a conformidade son cambios legais permanentes, e os datos de 2026 confirman os de 2025. A solución é axustar a relación de postos de traballo. O reforzo só serve de ponte ata que iso ocorra.

SOLICITA

1. Que se revise a dotación da Área Penal do Servizo de Execución cos datos de carga de 2025 e 2026 e se modifique a relación de postos de traballo para crear 5 postos: dous de xestión procesual e tres de tramitación procesual.
2. Que, mentres non se faga efectiva esa modificación, se autorice de inmediato o nomeamento de dúas persoas de reforzo ao abeiro do art. 16 da Orde do 6 de marzo de 2026.
3. Que os criterios de dimensionamento do Servizo de Execución da Área Penal teñan en conta os arquivos provisionais con actividade e as causas de especial complexidade, como a execución do caso Alvia.
4. Que se dite e notifique resolución expresa sobre o solicitado.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2026

Firmado por GONZALEZ SANCHEZ RAQUEL - ***6651** el día 16/10/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

ANEXO. Datos da Área Penal

Datos do propio servizo, a 7 de outubro de 2026.

1. Executorias incoadas por órgano

Órgano	2024	2025	Variación
Sección do Penal, praza 1	458	666	+45,4 %
Sección do Penal, praza 2	462	687	+48,7 %
Sección de Instrución, praza 1	126	125	−0,8 %
Sección de Instrución, praza 2	168	157	−6,5 %
Sección de Instrución, praza 3	41	39	−4,9 %
Subtotal Tribunal de Instancia	1.255	1.674	+33,4 %
Audiencia Provincial (sede de Santiago)	50	59	+18,0 %
Total	**1.305**	**1.733**	**+32,8 %**

Audiencia Provincial: 61 executorias a 7 de outubro de 2026.

2. Sentenzas de conformidade (Sección do Penal)

Praza	2024	2025	Variación	1.º semestre 2026
Praza 1	132	305	+131,1 %	120
Praza 2	137	319	+132,8 %	136
Total	**269**	**624**	**+132,0 %**	**256**

3. Executorias por violencia sobre a muller (Sección do Penal)

Praza	2024	2025	Var. 2024-25	A 7/10/2026	Var. s/ 2025
Praza 1	95	107	+12,6 %	130	+21,5 %
Praza 2 (*)	26	48	+84,6 %	69	+43,8 %

(*) Rexistro informático incompleto da materia: as cifras de Minerva están por debaixo do volume real.